

EXPEDIENTE: 2026/E001/000002 (relacionado co expediente 2026/A008/000014)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS E 1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026

TRÁMITE: ACTA TRIBUNAL SELECCIÓN DE 2 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS

En Dodro, sendo ás 11:00 horas do día 09/06/2026, reúnese no Concello de Dodro o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo para a contratación mediante oposición de 2 peóns/peoas forestais, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 240/2026 de 22/05/2026, ao abeiro da subvención regulada pola Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2026).

Efectuada a oferta a través da oficina de Emprego Santiago Norte, núm. 12-2026-5070 (peóns/peoas forestais), foi remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia a relación de candidatos/as para a selección.

A lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas foi aprobada mediante Resolución da Alcaldía núm. 267/2026 do 05/06/2026.

Están presentes os seguintes membros do Tribunal Cualificador:

Presidente:

Abel García Fabeiro, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Vogais:

Fernando González Ares, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

María Isabel Francisco Saborido, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Secretaria:

María Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

O presidente declara constituído o Tribunal Cualificador.

O Tribunal Cualificador pon en común o contido da proba da oposición. O primeiro exercicio da oposición que, segundo as bases reguladoras que rexen este proceso de selección, consistirá na realización dunha proba práctica sobre as tarefas a desenvolver no posto de traballo de peón/peoa forestal nos seguintes servizos en que se encadra o proxecto: tarefas forestal, silvicultura, limpeza de montes, xestión da biomasa, limpeza e mantemento de vías, reparación e mantemento de infraestruturas municipais e outras tarefas.

O tribunal acorda que a citada proba práctica consistirá na realización cuestións prácticas utilizando a rozadoira e a motoserra e respondendo as preguntas sobre a citada maquinaria.

O Tribunal decide que o criterio de valoración será a correcta execución da proba no menor tempo, outorgando puntuación pola correcta execución no menor tempo de realización. Asignarase maior puntuación a quen realizou a proba no menor tempo. A mala execución da proba será penalizado.

Esta proba práctica valorarase entre 0 e 10 puntos e para superar esta proba é necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.

Sendo ás 11:15 horas o Tribunal Cualificador procede, no Pavillón Polideportivo de Dodro, ao chamamento por orde alfabética das persoas aspirantes admitidas ao proceso de selección, estando presentes as seguintes:

DNI/NIE	APELIDOS E NOME
889	Bondad Seoane Eduardo
921	Franco Somoza José Ramón
306	Torres González Rubén Manuel
952	Varela Castro Luís Alberto

Realizada a proba práctica do primeiro exercicio da oposición, realízase o segundo exercicio da fase de oposición as persoas que non acreditaron o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 1 ou equivalente.

DNI/NIE	APELIDOS E NOME
889	Bondad Seoane Eduardo

Esta proba ten carácter obrigatorio e eliminatorio, cualificándose de APTO ou NON APTO.

A proba está adaptada ao nivel de Celga 1 e consiste nunha proba escrita que durará 30 minutos. Esta composta por un texto que os/as aspirantes deben de ler e sinalar se as dez afirmacións que aparecen deseguido son verdadeiras (V) ou falsas (F).

Finalizados os exercicios da fase de oposición, o tribunal procede a valoración das probas co seguinte resultado no primeiro exercicio da oposición:

APELIDOS E NOME	DNI	Puntuación PROBA 1: Rozadoira (máximo 5 puntos)	Puntuación PROBA 2: Motoserra (máximo 5 puntos)	TOTAL
Bondad Seoane Eduardo	***889***	4,83	4,64	9,50
Franco Somoza José Ramón	***921***	5,00	4,83	9,83
Torres González Rubén Manuel	***306***	2,25	3,37	5,62
Varela Castro Luís Alberto	***952***	4,67	5,00	9,67

O Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros, outorga aos aspirantes a seguinte puntuación na proba práctica:

APELIDOS E NOME	DNI/NIE	TOTAL
Bondad Seoane Eduardo	***889***	9,50
Franco Somoza José Ramón	***921***	9,83
Torres González Rubén Manuel	***306***	5,62
Varela Castro Luís Alberto	***952***	9,67

Continúa coa corrección do segundo exercicio da fase de oposición, proba de coñecemento da lingua galega, no que o aspirante acada o seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	DNI	APTO-A / NON APTO-A
Bondad Seoane Eduardo	***889***	APTO

Finalizados os exercicios do proceso selectivo, o Tribunal Cualificador procede a establecer a puntuación final dos/as candidatos/as, co resultado seguinte:

Handwritten notes and signatures:
 - Vertical signature on the left: *M. José Seoane*
 - Signature: *Abel*
 - Large scribble in the middle.
 - Signature at the bottom left.

APELIDOS E NOME	DNI	1º exercicio da fase de oposición	2º exercicio da fase de oposición	TOTAL
Bondad Seoane Eduardo	***889***	9,50	APTO	9,50
Franco Somoza José Ramón	***921***	9,83	EXENTO	9,83
Torres González Rubén Manuel	***306***	5,62	EXENTO	5,62
Varela Castro Luís Alberto	***952***	9,67	EXENTO	9,67

Sendo o resultado ordenado por puntuación total decrecente o seguinte:

APELIDOS E NOME	TOTAL
Franco Somoza José Ramón	9,83
Varela Castro Luís Alberto	9,67
Bondad Seoane Eduardo	9,50
Torres González Rubén Manuel	5,62

A vista de todo o anterior exposto, o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros,
ACORDA:

Primeiro.- De conformidade co disposto nas bases aprobadas para exercer o presente procedemento de selección, PROPOÑER AO ÓRGANO COMPETENTE, a contratación como peóns forestais de JOSÉ RAMÓN FRANCO SOMOZA e de LUÍS ALBERTO VARELA CASTRO.

Segundo.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica o resultado obtido por cada un dos/as aspirantes. Os/as aspirantes disporán dun prazo de 1 día hábil, contado dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Dodro.

Terceiro.- Establecer unha lista de reserva coas persoas aspirantes que non foron propostas para a súa contratación por obter unha puntuación ordinal inferior ao número de prazas convocadas, incluírase por orde decrecente de puntuación, aoa efectos de cubrir vacantes, baixas ou renuncias, no seu caso.

1º EDUARDO BONDAD SEOANE
2º MANUEL RUBÉN TORRES GONZÁLEZ

Sendo ás 13:00 horas dáse por rematado o acto, estendéndose esta acta que asinan todos os membros do tribunal, do que dou fe.

O presidente



Abel García Fabeiro

O vogal



Fernando González Ares

A secretaria



María Elisabet Domínguez Rodríguez

A vogal



María Isabel Francisco Saborido



